

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA QUINCE DE SETEMBRO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . M ^a JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Escusa asistencia	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día quince de setembro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día un de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 1.409/11 de dona Encarnación Balboa Mella

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación dunha vivenda consistente en cambio de tellado por uralita e tella, de aprox. 100 m², situado en Outeiro, en solo de expansión de núcleo rural (N-2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente. Deberase manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica. En cumprimento do artigo 3 do Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde. A obra está afectada pola estrada AC-241 polo que deberá solicitar a autorización do organismo de estradas.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e seis euros con catorce céntimos (#76,14#).

2.2.- Instancia núm. 1.482/11 de dona María Jesús Barros Mera.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a rehabilitación dunha vivenda consistente en cambio de tellado por uralita e tella, de aprox. 30 m², situado en Sobreiro, en solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente. Deberase manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica. En cumprimento do artigo 3 do Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e dous euros con oitenta e catro céntimos (#22,84#).

2.3.- Instancia núm. 1.467/11 de don Juan Manuel Castro Villaverde.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para construción de cerramento de aproximadamente 20 m de lonxitude, en Galegos, en solo urbano residencia de baixa densidade (U-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

A distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m dende o linde ao vial. Garantirase o natural discorrer das augas e, en caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia. Respetaranse os lindes con outros propietarios. En cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. A altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1, 50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezoito euros con tres céntimos (#18,03#).

2.4.- Instancia núm. 1437/11 de don Javier Pérez Nodar.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para construción de canalización, en San Gregorio.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

Levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas e non inferior a 300 mm de diámetro. Non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará ao mesmo nivel co vial de maneira que non sobresaia.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoto euros con tres céntimos (#18,03#).

2.5.- Instancia núm. 1441/11 de Don José Cutrín Sanín.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Trobe, solicita licenza para proceder á parcelación da leira nº 358 da concentración parcelaria de Trobe, situada no lugar de Bazar, parte en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) e parte en solo rústico de protección agropecuaria (R-2), afectando a parcelación só á zona cualificada como expansión de núcleo rural segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don José Manuel Pena Alonso.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación da citada leira en tres parcelas resultantes nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento oitenta euros (#180,00#)

2.6.- Instancia núm. 1413/11 de Don Manuel Agustín Gamallo Sinde.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para proceder á parcelación da leira nº 51 da concentración parcelaria de labradío de Vilanova, situada no lugar de Francés, parte en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) e parte en solo rústico de protección agropecuaria (R-2), afectando a parcelación só á zona cualificada como expansión de núcleo rural segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación da citada leira en catro parcelas resultantes nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de dous centos corenta euros (#240,00#).

2.7.- Instancia núm. 1.019/11 de dona Natalia García Cutrín.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, expón que con data 29/04/2008 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Paradela -San Xián de Sales (nº 46/2008), e rematadas as mesmas e achegando os documentos preceptivos, solicita que de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a concesión da licenza de primeira ocupación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de noventa (#90,00#) euros.

2.8.- Instancia núm. 1.311/11 de don Juan Jesús Fernández Porto e dona M^a Luisa Lodeiro Matalobos.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Xián de Sales, expón que con data 07/07/2009 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Laraño -San Xián de Sales (nº 67/2009), e rematadas as mesmas e achegando os documentos preceptivos, solicita que de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a concesión da licenza de primeira ocupación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de noventa (#90,00#) euros.

2.9.- Instancia núm. 1.384/11 de dona Isabel Ares Betetos.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, expón que con data 31/03/2009 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Cubelas-San Pedro de Sarandón (nº 26/2009), e rematadas as mesmas e achegando os documentos preceptivos, solicita que de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a concesión da licenza de primeira ocupación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de noventa (#90,00#) euros.

3º.- Acordo, se procede, sobre licenza definitiva para a actividade de Compra-Venda de Vehículos Usados no lugar de Avda. Mestre Manuel Gómez-Vedra a nome de Mónica Espiño Mosquera.

Logo de acreditado no expediente instruído para os efectos que por dona Mónica Espiño Mosquera se cumpriron os trámites e requisitos esixidos polo Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas de 30 de novembro de 1961 e Disposicións complementarias, para instalación de "COMPRA-VENDA DE VEHÍCULOS USADOS", en edificio sito no lugar de Avda. M. M. Gómez da parroquia de Vedra, deste termo, actividade para a que se concedeu licenza provisional con data quince de decembro de dous mil nove, en uso das facultades conferidas, a Xunta de Goberno Local, acorda concederlle a **LICENZA DEFINITIVA** para pór en funcionamento a mencionada actividade, cuxa licenza deberá ser expedida pola Secretaría deste concello, e servirá ao interesado como documento acreditativo desta concesión. Todo iso sen prexuízo das demais autorizacións preceptivas doutros organismos en cumprimento das respectivas lexislacións sectoriais de aplicación.

4º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

4.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 7 de setembro de 2011 polo que se acorda remitir ao Xulgado Contencioso-Administrativo o expediente relativo ao procedemento ordinario nº 0000523/2011, interposto por Marcelino López Tato contra a Resolución de data 26 de abril de 2011 deste Concello, en expediente de responsabilidade patrimonial.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de setembro de 2011, polo que se acorda o traslado da empregada dona M^a Belén González Gestoso ao CEIP de Ortigueira e do empregado don José Munín Castelaio ás oficinas municipais do concello.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data nove de setembro de 2011 polo que se acorda requirir aos herdeiros de don José Gerpe Oreiro para que limpen a parcela de referencia catastral 001101400NH44A0001WE en Torre-San Xián en cumprimento da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre deberes de uso, conservación e rehabilitación.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 13 de setembro de 2011 pola que se incoa expediente de reposición de legalidade a dona Carmen Carrillo López por executar obras de demolición parcial de vivenda sita en Rozadela-San Mamede sen preceptiva licenza municipal.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

Conclúe ó fío das vinte e dúas horas e cincuenta e cinco minutos.